

OS QUE FICAN

Alexander Payne, 2023

1223

ESTREA EN NUMAX: 12.01.2024 | V.O.S.E. | +12 | 133 min

Paul Hunham, un profesor rosmón dun prestixioso colexio americano, vese obrigado a permanecer nun campus durante as vacacións de Nadal para velar por un feixe de estudantes que non teñen a onde ir. Contra todo prognóstico, a convivencia levarao a forxar un insólito vínculo cun deles, un intelixente e problemático mozo cos seus propios traumas, e coa xefa de cociña da escola, que acaba de perder un fillo en Vietnam.

«Un filme sobre clase e raza, dor e resentimento, oportunidades e dereitos»

Peter Debruge, VARIETY



Entrevista con Alexander Payne «A premisa do filme parte de “Merlusse”, de Marcel Pagnol»

Por Jara Yáñez

Como xorde o proxecto de facer esta película e que supuxo traballar sobre un guión que non é seu? Hai uns doce anos estiven nun festival e vin unha película descoñecida dirixida por un cineasta moi coñecido (*Merlusse*, 1936, de Marcel Pagnol). Saín do cinema pensando que alí había unha premisa excelente para un filme. Non a historia per se, senón a premisa. Anos despois lin o guión dun episodio piloto para unha serie de televisión e a historia tiña lugar precisamente nun internado. Chamei por teléfono ao guionista e díxenlle que admiraba moito o seu guión, pero eu non quería dirixilo. Propúxenlle que escribise para min unha historia baseada na idea de Merlusse e aceptou. Durante case tres anos traballamos no guión, e foi unha colaboración moi rica. Foi un golpe de sorte o que me levou a traballar con David Hemingson, e sei que el pensa o mesmo.

A película desenvólvese durante un Nadal, quizais o momento familiar do ano por excelencia, para propoñer unha relación de lazos afectivos distinta, pero equivalente en moitos sentidos á da familia tradicional. Como pensou en cada un dos tres personaxes principais neste sentido? Cal é a familia do Nadal máis coñecida (pai, nai e fillo)...? Doulle unha pista: a nai chámase Mary. Isto en termos básicos e medio ridículos. Sabiamos de antemán que habería un profesor esixente, odiado e rosmón. E sabiamos que o alumno co que desenvolvería unha relación especial sería intelixente pero necio, antiautoritario e emocionalmente danado. O personaxe da cociñeira xurdiu organicamente cando nos puxemos a pensar en quen prepara a comida para os rapaces e o profesor. Este personaxe non o prevía eu (foi invención de Hemingson), e non só ten sentido práctico para a historia, senón que tamén lle agrega profundidade e melancolía. Para o resto dos detalles habería que preguntarlle a Hemingson: un tío seu foi a inspiración para o profesor, a súa nai para Mary, e el mesmo para o estudante...

Tanto Paul como Angus descubren que ambos toman antidepressivos e o pai de Angus está ingresado nun centro psiquiátrico. Que papel xoga no filme a saúde mental? É quizais tamén unha maneira de reflectir nunha historia de personaxes unha sociedade enferma? Gústame que atope significado temático no detalle do antidepressivo. Non nego a súa suxestión de que a enfermidade individual pode ser indicativa dunha enfermidade moral xeral, pero sempre dubido á hora de falar dos elementos temáticos. Discutir o proceso é moito máis fácil –e apropiado– que discutir os temas. Desde un punto de vista estritamente práctico, o feito de que ambos tomen o mesmo antidepressivo é un recurso que vincula os dous personaxes, e ademais é divertido.

A película, que se ambienta nos anos setenta, busca propoñer tamén un discurso sutil sobre a Guerra de Vietnam a través da historia de Mary? En termos estritamente prácticos, a historia tiña que ambientarse no pasado porque os internados unisex xa non existen. A década dos cincuenta era propiedade de Peter Weir (*O club dos poetas mortos*, 1989), e dalgunha maneira a época dos setenta nos intrigaba, a Hemingson e a min, non só polos seus elementos socioculturais, senón tamén polos seus elementos cinematográficos. Estaba claro que a época de Vietnam dábanos ferramentas para a historia e para o transfondo dos personaxes, pero non esqueza que, a outro nivel, a película fala de cinema: o cinema de hoxe e o cinema de onte.